



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Enfermaría da Saúde Mental		Código	750G01015
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Castro Rodriguez, Maria Pilar	Correo electrónico	pi.castro@udc.es	
Profesorado	Castro Rodriguez, Maria Pilar	Correo electrónico	pi.castro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Ao termo do período de ensinanza-aprendizaxe os alumnos e alumnas deberán coñecer as características dos principais problemas de Saúde Mental así como identificar necesidades de coidados e accións que deben levar a cabo na atención das persoas con problemas de Saúde Mental.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A59	Coñecer os problemas de saúde mental máis relevantes nas diferentes etapas do ciclo vital, proporcionando coidados integrais e eficaces, no ámbito da enfermaría.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Describir os principais problemas de Saúde Mental.	A59	B3 B4 B8 B15 B16 B24	C7 C8 C11
Identificar as necesidades de coidado das persoas con problemas de Saúde Mental.	A59	B2 B3 B4 B5 B7 B8 B16 B24	C3 C6 C12
Planificar coidados de Enfermaría para as persoas con problemas de Saúde Mental.	A59	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B15 B16 B24	C3 C6 C10

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución á Enfermaría Psiquiátrica e de Saúde Mental.	Bases biolóxicas psicolóxicas e sociais dos trastornos mentais.
Trastornos do neurodesenvolvemento.	Discapacidade intelectual. Trastorno do espectro autista. Trastorno por déficit de atención/hiperactividade. Coidados de enfermaría.
Espectro da esquizofrenia e outros trastornos psicóticos.	Delirios (ideas delirantes). Alucinacións. Pensamento (discurso) desorganizado. Comportamento motor moi desorganizado ou anómalo (incluída a catatonia). Síntomas negativos. Trastorno delirante. Trastorno psicótico breve. Trastorno esquizofreniforme. Esquizofrenia. Trastorno esquizoafectivo. Coidados de enfermaría.
Trastorno bipolar e trastornos relacionados.	Trastorno bipolar I. Trastorno bipolar II. Trastorno ciclotímico. Coidados de enfermaría.
Trastornos depresivos	Trastorno de desregulación disruptiva do estado de ánimo. Trastorno de depresión maior. Trastorno depresivo persistente (Distimia). Coidados de enfermaría.
Trastornos de ansiedade.	Trastorno de ansiedade por separación. Mutismo selectivo. Fobia específica. Trastorno de ansiedade social. Trastorno de pánico. Agorafobia. Trastorno de ansiedade xeneralizada. Coidados de enfermaría.
Trastorno obsesivo-compulsivo e trastornos relacionados.	Trastorno obsesivo-compulsivo. Trastorno dismórfico corporal. Trastorno de ateigamento. Tricotilomanía. Trastorno de escoriación. Coidados de enfermaría.
Trastornos relacionados con traumas e factores de estrés.	Trastorno de apego reactivo. Trastorno de reacción social desinhibida. Trastorno de estrés postraumático. Trastorno de estres agudo. Trastornos de adaptación. Coidados de enfermaría.
Trastornos dissociativos.	Trastorno de identidade dissociativo. Amnesia dissociativa. Trastorno de despersoalización/desrealización. Coidados de enfermaría.



Trastornos de síntomas somáticos e trastornos relacionados.	Trastorno de síntomas somáticos. Trastorno de ansiedade por enfermidade. Trastorno de conversión. Factores psicolóxicos que influen noutras afeccións médicas. Coidados de enfermaría.
Trastornos da conducta alimentaria e a inxesta de alimentos.	Pica. Trastorno de rumiación. Trastorno de rexeitamento/restricción da inxesta de alimentos. Anorexia nervosa. Bulimia nervosa. Trastorno de atracons. Coidados de enfermaría.
Trastornos da excreción.	Enuresis. Encopresis. Coidados de enfermaría.
Trastornos do soño-vixília.	Insomnio. Hipersomnia. Narcolepsia. Trastornos do soño relacionados coa respiración. Trastornos do ritmo circadiano. Parasomnias. Coidados de enfermaría.
Disfunciones sexuais. Disforia de xénero. Trastornos parafílicos.	Disfuncións sexuais. Disforia de xénero en nenos, rapaces e adultos. Trastornos parafílicos. Coidados de enfermaría.
Trastornos disruptivos, do control dos impulsos e da conducta.	Trastorno negativista desafiante. Trastorno explosivo intermitente. Trastorno de conducta. Píromanía. Cleptomanía. Coidados de enfermaría.
Trastornos relacionados con substancias.	Trastornos relacionados co: alcohol, cafeína, cannabis, alucinógenos, inhalantes, opiáceos, sedantes hipnóticos o ansiolíticos, estimulantes, tabaco, con outras substancias. Trastornos relacionados co xogo. Coidados de enfermaría.
Trastornos neurocognitivos.	Delirium. Trastornos neurocognitivos maiores ou leves. Coidados de enfermaría.
Trastornos da persoalidade.	Trastornos da persoalidade: paranoide, esquizoide, esquizotípica. Trastornos da persoalidade: antisocial, límite, histriónica narcisista. Trastornos da persoalidade: evitativa, dependiente, obsesivo-compulsiva. Coidados de enfermaría.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba de resposta breve	A59 B2 B3 B4 B8 C6 C11	2	36	38
Estudo de casos	A59 B24 B16 B8 B7 B5 B4 B3 B2 C3 C6 C10	10	20	30
Solución de problemas	A59 B2 B3 B5 B6 B15 B16 B24 C3 C12	5	10	15
Sesión maxistral	A59 B3 B4 B8 B16 C7 C8	21	42	63
Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba de resposta breve	O alumno/a deberá responder correctamente as preguntas que se lle plantexan (entre 6 e 8), das cais unha ou dúas poderán ser casos teórico-prácticos.
Estudo de casos	Presentaranse casos que deben analizar.
Solución de problemas	Os/as alumnos/as deberán resolver unha situación problemática concreta que se lles presenta.
Sesión maxistral	Exposición oral relacionada cos contidos do programa. Pode ser completada co uso de medios audiovisuais e a introducción dalgúns preguntas para facilitar a aprendizaxe. O alumno/a poderá interromper para facer preguntas sobre o tema.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Solución de problemas	Corrección de exámes e axuda no estudo de casos e solución de problemas, e dúbidas que se lle poden plantexar ao alumno/a

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta breve	A59 B2 B3 B4 B8 C6 C11	Terá un valor máximo do 80% da nota total (8 puntos). Debendose acadar un mínimo de 4,5 puntos para aprobar.	80
Estudo de casos	A59 B24 B16 B8 B7 B5 B4 B3 B2 C3 C6 C10	Terá un valor máximo do 15% da nota total.	15
Solución de problemas	A59 B2 B3 B5 B6 B15 B16 B24 C3 C12	Terá un valor máximo do 5% da nota total.	5

Observacións avaliación

Para aprobar a asignatura cumpre aprobar o examen (proeba de resposta breve).

Para la obtención de Matrícula de Honra requirírase ter unha nota final de 10 puntos. Ademais serán tidos en conta outros méritos como: Asistencia a clase. Participación na clase por medio de preguntas por parte do alumno/a e respostas a cuestións que a profesora plantexa. Colaboración na asignatura na coordinación de comunicación profesora - alumnos/as e actividades na aula como por exemplo a formación de grupos de traballo etc.

Outros aspectos que demostren o seu grado de excelencia e destacado coñecemento e interese por a materia.

Os/as alumnos/as que para rematar os seus estudos se acollan á convocatoria adiantada de Decembro, deben cumprir os mesmos requisitos que nas convocatorias ordinarias. Igualmente para os alumnos/as de "2ª oportunidade".

Los/as alumnos/as que acrediten ter "Matrícula a tiempo parcial" deberán comunicarlo a la profesora ao inicio das clases da materia. Ditos/as alumnos/as deberán cumprir o programa teórico así como os traballos que a profesora lles asigne.

Os alumnos/as que non se presenten ao examen final terán a calificación de non preentado (N.P.). Neste caso se lles conservará a nota dos traballos de clase de "Análise de fontes documentais" e "Solución de problemas" para futuras convocatorias.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Francés et al (2015). DSM.V (Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales). . Barcelona: MASSON - Mejías Lizancos F. Serrano Parra M. D. (2000). Enfermería en Psiquiatría y salud mental. . Madrid: Piramide - O´ Brien Kennedy Ballard (2000). Enfermería Psiquiátrica. México: Mc Graw - Hill
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía/750G01003

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Farmacoloxía/750G01011

Materias que continúan o temario



Estancias Clínicas I/750G01025
Estancias Clínicas II/750G01026
Estadías Clínicas III/750G01027
Estancias Clínicas IV/750G01028
Estancias Clínicas V/750G01029
Estancias Clínicas VI/750G01030
Estancias Clínicas VII/750G01031
Practicum/750G01032

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías